



**MISA CON NENOS**  
**11 de DECEMBRO de**  
**2022**  
**ADVENTO-3º-C**  
**Mateo 11,2-11: "Ide anunciar a**  
**Xoán o que estades**  
**vendo: os cegos ven,**  
**e os coxos andan".**



**Mensaxe: Alégrate, estamos preto de ver a Xesús.**

### 1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: Celebramos a Eucaristía neste **terceiro domingo** de Adviento nun clima de alegría pola próxima vinda do Salvador. As lecturas de hoxe déixannos moi claro que non importa o mal que agora esteamos. Os que somos crentes poñemos a nosa fe no Señor e sabemos que con El ao noso lado sempre podemos saír adiante. Manternos unidos a Deus, sabendo que "só Deus basta" (como di Sta. Tareixa) e non mirar só os problemas e dificultados do hoxe é o camiño que Xesús nos propón. Como Xoán Bautista espertemos a vocación que temos de levar a boa noticia da salvación aos pobres, de vendar os corazóns que sofren, de compartir e estar á beira dos que o pasan mal, como Xesús. E sobre todo sintamos xa a alegría de estar preto de ver a Xesús.

SÁUDO DO SACERDOTE: **-Xesús, o Señor, que vén traernos a alegría e a paz, sexa convosco.**

### 2. CORONA DE ADVENTO

SACERDOTE:

*Agora acenderemos a terceira candeia da coroa de Adviento (a candeia da alegría e do compartir), na terceira semana do noso camiño cara ao Nadal e mentres o facemos, diriximos ao Señor esta oración:*

-Nas tebras acendeuse unha luz, no deserto clamou unha voz. Anúnciase a boa noticia: o Señor vai chegar. Preparade os seus camiños, porque xa se achega. Adornade a vosa alma como unha noiva se engalana o día da súa voda. Xa chega o mensaxeiro; Xoán Bautista non é a luz, senón o que nos anuncia a luz. Cando acendemos esta terceira candeia, cada un de nós quere ser facho teu para que brilles, chama para que quentes.

TODOS: **-Ven salvarnos! Ven, Señor, Xesús!**

### 3. SÚPLICAS DE PERDÓN

*(Se se fai a coroa pódese suprimir o acto penitencial).*

*Non somos tan bos como nos cremos e isto nos entristece, pero Deus quere perdoarnos e enchernos de alegría. Pedímoslle perdón.*


-Ti que vés ao mundo para salvarnos. **Señor, ten piedade de nós.**

-Ti que vés ao mundo para enchernos do teu amor. **Cristo, ten piedade de nós.**

-Ti que vés ao mundo para dar resposta ás nosas preguntas e sandar os nosos corazóns. **Señor, ten piedade de nós.**

### 4. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Neste domingo chégannos con forza tres grandes mensaxes: **alegría, paciencia, compartir**. Os xudeus foron deportados lonxe da súa terra pero un día obtiveron permiso para volver; o profeta Isaías ánimoos a que regresen e a esquecer todos os temores. No evanxeo Xesús proclama que coa súa vinda os cegos ven e os coxos andan, o mundo está a cambiar, chega o reino. O apóstolo Santiago úrxenos á fortaleza e á paciencia ante a vinda do Señor.



## 5. ORACIÓN DOS FIEIS

*Oremos ao Deus do amor, da misericordia e o consolo, dicindo: -Ven, Señor, salvarnos.*

- 1.- Dáanos a forza do Espírito para que poidamos confortar os máis débiles e decaídos. **Oremos.**
- 2.- Dáanos o consolo do Espírito para que poidamos consolar os que sofren ou están tristes. **Oremos.**
- 3.- Dáanos máis fe para que poidamos iluminar os que viven na escuridade. **Oremos.**
- 4.- Dáanos crecer no teu amor para que poidamos servir e liberar os pobres e oprimidos. **Oremos.**
- 5.- Dálles a túa axuda aos que loitan por un mundo máis solidario, facendo crecer as sementes do teu Reino.  
**Oremos.**
- 6.- Que nos nosos colexios e nas nosas casas tamén estea o Neno Xesús presente e poidámoslle rezar. **Oremos.**
- 7.- Que celebremos o Nadal cristián, estando pendentos de Xesús, converténdonos a el. **Oremos.**  
*Ven, Señor, Xesús, sálvanos das nosas escravitudes e enche de alegría os nosos corazóns. Por XNS..*

## 6. PROCESIÓN DE OFRENDAS

- **PANDEIRETA E GRILANDA:** A alegría de que o Señor vén ao noso encontro, queremos simbolizar con esta pandeireta e grilanda de Nadal. Que nós sexamos altofalantes do que celebramos nestes días.
- **ALIMENTOS:** Con estes alimentos (arroz, mazás, turrón, etc.) queremos dicirlle ao Señor que, un Nadal sen xustiza, sen amor, sen saír ao encontro dos demais, queda coxo. Que non esquezamos os máis pobres, o compartir con eles algo do noso (a través de Cáritas).
- **PAN E VIÑO E A PALABRA “BELÉN”:** Finalmente, levamos ao altar, o que a palabra “Belén” significa: O PAN que necesitamos para ser mellores, o pan do Señor, o pan e o viño da Eucaristía.

## 7. SUXESTIÓNS:

- **Escenificación do evanxeo:** O evanxeo, é un dos máis axeitados para representar: Xoán (no medio do presbiterio); saen uns mozos e nenos con cartolinas (Es TI, SEÑOR?) Iguamente, ao final do Evanxeo, é moi suxestivo que, catro nenos ou mozos, percorran toda a igrexa con catro carteis coas palabras: ALEGRIA! e COMPARTIR!
- **Preparamos panxoliñas, belén, belén vivente...** Colocamos as figuriñas do Belén, todas son bonitas e miran cara ao Neno Xesús, todas se dirixen ao portal. Están quietas, é certo, pero sempre algún neno as achega ao portal. Grazas, mozos, por achegarnos a Xesús.
- **Acendemos a 3ª candea** e vemos como podemos vivir mellor a alegría do evanxeo e contaxiarlla a outros neste Nadal cantando panxoliñas e sementando estrelas polas rúas.
- No cartel de Fano para Advento colocamos recortada a **3ª madeixa** coa palabra “alégrate”. Tamén cada domingo imos entregando unha madeixa e unhas agullas na eucaristía para que unha avoa nos teza unha parte da mantiña que como comunidade estamos a construír para acoller o Neno Xesús con todo a calor do noso corazón.
- Escribimos cada un o nome de **dúas persoas** que necesiten da túa alegría ou da túa axuda ao teu redor.
- **Organizamos a campaña solidaria de Nadal** compartindo xoguetes, alimentos, diñeiro... Convén preparalo con Cáritas. Poderíase descargar en Obras Misionais Pontificias a Hucha do compartir 2022 para en Nadal aforrar algo para entregar ás misións Ou participar na Campaña “Sementadores de Estrelas” cantando panxoliñas polas rúas.
- Para as ofrendas, **traballando a alegría**, poderíase pedir a cada neno que debuxase o seu rostro riseiro e se colocase nun cartel e alguén lese: “Ofrecemos o noso sorriso como sinal da alegría polo nacemento de Xesús en Belén”.
- Na 2ª lectura escoitamos: **“Non vos queixedes para non ser condenados”**. Os nenos fan post-it con queixas do seu mundo próximo: de clase, de casa e dos amigos...Ex.: “Non quero recoller os pratos”. Colócanse nun cartel e ao final de misa lense ante os adultos. Daquela o sacerdote comentará que mentres ese cartel estea cheo é imposible que o Nadal chegue de verdade, así que temos que axudarlles aos nenos a que o cartel estea baleiro canto antes. Claro que os adultos tamén temos as nosas cousas, e as queixas dos nenos poden ser un reflexo das nosas. Melloramos pois o Nadal.
- Respecto ás **queixas** tamén se podería dividir unha cartolina en dúas partes cunha liña e dun lado poñemos “a miña lista de queixas” (poñemos unhas 15) e na parte dereita outra columna con “teño paciencia con...” (referido a persoas, situacións, cousas...). E presentámolo nas ofrendas.



## 7. VÍDEOS PARA ESTE DOMINGO: 3º Adviento A- Mateo 11,2-11

- Mateo 11, 2-11, película: <https://youtu.be/ojqweOawSZg>
- Mateo 11, 2-11, película: <https://www.youtube.com/watch?v=E-BSIAyCiqA>
- Mt. 11, 2-11, película: <https://www.youtube.com/watch?v=wFyKFCLnTY4>
- Mateo 11, 2-11, película: <https://youtu.be/ojqweOawSZg>
- Mateo 11, 2-11, debuxos: <https://youtu.be/fl42e5itgkQ>
- Gaudete, debuxos: <https://youtu.be/LgtqZvN-Pg8>
- Novas profecías, VD 2010, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=e2-CO6wCwD8#t=28>
- Que as persoas vivan en liberdade, VD 2013, sobre Mandela:  
<http://www.youtube.com/watch?v=ieHCY4I47Ou4>
- Carreira de vida, VD 2016, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=3e-DtwPHGuk>
- Con atención ou intención, VD 2019, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=F0kGGgVZ-ic>
- Os cegos ven, canción de Javier Brú: <https://www.youtube.com/watch?v=EicWcPVI2EI>
- O Reino está preto, canto: <https://www.youtube.com/watch?v=ZQaXiG4EHxU>
- Lecturas con linguaxe de signos: <https://www.youtube.com/watch?v=LoXveBHeZ64>
- S. Mateo para nenos, explicación: <https://www.youtube.com/watch?v=LZs0B8uO18E>
- Material advento de Fano: <https://odresnuevos.es/2022/11/08/advento-2022-fano/> tamén en  
<https://acurtar.link/LMUUVW> 11, 2-11, película: <https://youtu.be/ojqweOawSZg>



Intenta ser feliz. Motivos non che faltan.  
Porque hai moita xente que te quere e á que ti tamén queres.  
Porque, a pesar de moitas noites escuras,  
atopaches en Cristo unha Luz que dá sentido á túa vida.  
Porque te necesitamos.  
Porque ti vales moito.  
Porque Deus quérete desde as súas entrañas.  
*Lucio Arauzo*

